



DECRETO

Nº Expediente: 2024/CONTRAT/000055

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DENOMINADO “CONTRATACIÓN VEHÍCULO POLICÍA LOCAL”

Vista a Providencia da Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación que figura no expediente, na que se ordena que se incoe o procedemento para a contratación da execución da subministración de “CONTRATACIÓN VEHÍCULO POLICÍA LOCAL”, figurando as características da mesma na documentación recibida polo Departamento de Contratación do Concello de Oleiros enviada polo Departamento da Policía Local, na que figuran a proposta de gasto, a Memoria explicativa de data 30 de abril de 2024 e os Pregos de Prescricións Técnicas, asinados o 30 de abril de 2024.

Visto que o orzamento da presente licitación é de 33.057,85 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (6.942,15 €), o que supón un importe de 40.000,00 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de UN /1) ano, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 33.057,85 €.

Visto que con data 30 de abril de 2024, se emite informe xurídico pola Secretaría Municipal, no que se indica, entre outras disposicións relativas ao procedemento administrativo, que se ha de tramitar a contratación mediante un procedemento aberto simplificado consonte ao artigo 159 LCSP, e visto tamén que o expediente se acompaña dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas, redactados conforme ao establecido na lexislación para a tramitación dun procedemento aberto simplificado.

Visto que, no relativo á financiación, se emitiu informe pola intervención municipal con data 3 de maio de 2024, no que manifesta a existencia de consignación orzamentaria e se fiscaliza de conformidade o expediente, realizando as seguintes Retencións de Crédito (RC):

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
2024	31.132.62400	RC 202400013688	40.000,00 €
TOTAL			40.000,00 €

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Alcaldía mediante Decreto da Alcaldía nº





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

2024000043, do 4 de xaneiro, de avocación temporal de competencias delegadas na 1ª Tenente de Alcalde por decreto nº 2023003281 de 21 de xuño, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación da subministración de “CONTRATACIÓN VEHÍCULO POLICÍA LOCAL”, polo importe 33.057,85 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (6.942,15 €), o que supón un importe de 40.000,00 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de UN /1) ano, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 33.057,85 €.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que figuran no expediente e que rexerán o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato, unha vez que xa foi retido o crédito segundo se desprende das operación “RC” que se sinalan a continuación:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
2024	31.132.62400	RC 202400013688	40.000,00 €
TOTAL			40.000,00 €

CUARTO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de quince días naturais, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.

QUINTO.- Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

SEXTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

